

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE ABRIL DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 26 de marzo de 2014.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase aprobar as instrucións para fixar as directrices de funcionamento municipal, ante a supresión das licenzas de instalacións das actividades e o establecemento das comunicacións previas ao inicio das actividades económicas, empresariais, profesionais, industriais ou comerciais.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión de licenza para reforma e acondicionamento de local comercial de planta baixa para venda de calzado e complementos, na rúa da Raíña, número 5.

Tamén se acorda a denegación de licenza para obras de execución dunha ampliación do cemiterio de Santa Marta de Fixós, mediante a construción de tres nichos.

Así mesmo, acórdase a toma de razón da sentenza firme número 10/2014, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo, no recurso Contencioso-Administrativo número 73/12.

3. XESTIÓN.- Acórdase a declaración de ruína urbanística no expediente contradictorio de ruína do inmovible número 12 da ronda da Muralla.

Acórdase a declaración de ruína urbanística no expediente contradictorio de ruína do inmovible número 13 da ronda da Muralla.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	08/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acórdase a modificación do complemento específico dun funcionario da Policía Local, por deixar de prestar servizo en quendas rotatorias e pasar a prestar servizo en quenda fixa de mañá.

Tamén se acorda a modificación do complemento específico dun funcionario da Policía Local por deixar de prestar servizo en quendas rotatorias e pasar a prestar servizo en quenda fixa de mañá.

Así mesmo, acórdase a modificación do complemento específico dun funcionario da Policía Local por deixar de prestar servizo en quenda fixa de mañá e pasar a prestar servizo en quendas rotatorias.

Do mesmo xeito, acórdase a modificación do complemento específico dun funcionario da Policía Local por deixar de prestar servizo en quenda fixa de mañá e pasar a prestar servizo en quendas rotatorias.

Acórdase darlle conta á Mesa Negociadora para que se trate o asunto relativo á proposta á Xunta de Goberno Local para que non solicite, en adiante, proposta a ningún órgano de representación sindical para formar parte dos tribunais dos procesos selectivos para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral no Excmo. Concello de Lugo, tanto en quenda libre como en quenda de consolidación de emprego e en quenda de promoción interna.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros na modalidade de concesión no Concello de Lugo.

6. FACENDA LOCAL.- Acórdase desestimar o escrito presentado no que insta a devolución do importe ingresado en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por denegación da licenza para parcelamento de parte da parcela sita na avda. Doutor García portela esquina rúa Garañón.

Acórdase non admitir a trámite o escrito presentado no que insta a devolución dos importes ingresados en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, pola solicitude de aliñacións e rasantes e pola solicitude de licenza para construción dun edificio na avda. Doutor García Portela, 25, por importe de 144,65 € e 14.628,77 €, respectivamente.

Código Seguro de verificación: 7NLf tRbVEJkcFVkcE9Vyxw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	08/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	7NLf tRbVEJkcFVkcE9Vyxw==	PÁGINA 2/3



7NLf tRbVEJkcFVkcE9Vyxw==

Acórdase desestimar o escrito presentado no que insta a devolución do importe ingresado en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por denegación da licenza para construción dun edificio na avda. Doutor García Portela, 25.

Acórdase a anulación da liquidación número 6561711 (258/2014), pola solicitude de licenza de obras de cubrición parcial nas zonas norte e sur da bancada leste do estadio de fútbol Ángel Carro, sito nas Saamasas, por importe de 231,58 €.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para construción de garaxe apegado a vivenda unifamiliar, sita na rúa San Eufrasio, 250.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase aprobar como documento de traballo o Plan Director de Mobilidade e Espazo Público en Lugo elaborado pola Axencia de Ecoloxía Urbana de Barcelona.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación: 7NLf tRbVEJkcFVkcCE9Vyxw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	08/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	7NLf tRbVEJkcFVkcCE9Vyxw==	PÁGINA	3/3



7NLf tRbVEJkcFVkcCE9Vyxw==